

PLAN DE SECTORIZACIÓN DO ÁMBITO I ESTABLECIDO NA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA MODIFICACIÓN DO SRAU DO ENTORNO DO POL RÍO DO POZO

ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXISTICO



DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

XANEIRO. 2013

7031/11

CONCELLO DE NARÓN

ALFREDO GARROTE PAZOS
Col.: 1440

MONICA MESEJO CONDE
Col.: 1475

IRIA PÉREZ MIRANDA
Col.: 3194

IGNACIO LÁZARO QUINTELA
Col.: 3877

ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

1. INTRODUCCIÓN E METODOLOXÍA PROPOSTA.....	3
2. ESTUDIO DO ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	5
2.1. O CONCELLO DE NARÓN.....	5
2.2. POLÍGONO INDUSTRIAL DE RÍO DO POZO.....	6
2.3. ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO.....	7
2.3.1. ESTUDIO CLIMÁTICO.....	7
2.3.2. XEOLOXÍA.....	9
2.3.3. XEOMORFOLOXÍA.....	10
2.3.4. EDAFOLOXÍA.....	11
2.3.5. VEXETACIÓN.....	12
2.3.6. FAUNA.....	14
2.4. ESTUDIO SOCIO ECONÓMICO.....	16
2.5. ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	18
2.5.1. MEDIO NATURAL.....	18
2.5.2. MEDIO CONSTRUIDO:.....	20
3. TRAMITES AMBIENTAIS LEVADOS A CABO.....	27
3.1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.....	27
3.2. AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	27
4. RESULTADO DA ANÁLISE DAS VARIABLES DE SOSTENIBILIDADE SOBRE AS DIFERENTES ALTERNATIVAS DESEÑADAS PARA O PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	29
4.1. PAISAXE.....	30
4.2. NATUREZA.....	30
4.3. PATRIMONIO.....	30
4.4. SOCIEDADE E ECONOMÍA.....	30
4.5. MEDIO INDUSTRIAL.....	31
4.6. MOBILIDADE.....	31
4.7. ENERXÍA.....	32
4.8. ATMOSFERA.....	32
4.9. CICLO HÍDRICO.....	32
4.10. CICLO DE MATERIAIS.....	32
4.11. SOLO.....	32
4.12. EDIFICACIÓNS.....	33
5. ANÁLISE PAISAXÍSTICA (ANEXO I).....	35

6. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.	37
7. ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA. (ACE)	41
8. PLAN DE SEGUIMIENTO AMBIENTAL	47
8.1. PLAN DE SEGUIMIENTO DO POLIGONO 1	48
8.2. PLAN DE SEGUIMIENTO DO POLIGONO 2	53
8.3. PLAN DE SEGUIMIENTO DO POLIGONO 3	62
9. PLANO.	71

1. INTRODUCCIÓN E METODOLOXÍA PROPOSTA.

ANTECEDENTES.

O artigo 67º da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece como documentación dos plans de sectorización o **estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico**, en caso de que o plan non fose sometido á avaliación ambiental estratéxica.

A avaliación ambiental estratéxica do presente plan de sectorización, iniciouse por parte do Concello de Narón en xuño de 2011 remitindo o documento de inicio á CMATI. Por decisión do 7 de xullo de 2011, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental acordou “Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o Plan de Sectorización do ámbito I establecido na MP do PXOM de Narón para modificación do SRAU do entorno do polígono industrial río do Pozo no Concello de Narón”. Esta resolución foi publicada no DOG nº 159 do 22 de agosto de 2011.

Nesta decisión se indican unha serie de medidas que se deben ter en conta no trámite de elaboración do plan de sectorización:

- Actuar sobre o rodal de árbores frondosas autóctonas asociado ao Rego Freixeiro, o cal se integrará nunha zona verde, unicamente cando sexa necesario para a súa mellora e conservación no estado mais natural posible.
- Nas zonas perimetrais, dentro do posible, establecer unha pantalla vexetal arbórea que contribúa ao illamento e enmascaramento do espazo industrial, especialmente nos lindes coas zonas residenciais e coa autovía.
- Introducir medidas para o fomento da mobilidade sostible, potenciando o uso do transporte colectivo cara os principais destinos e reducindo na medida do posible o uso do vehículo privado nos desprazamentos inducidos polos novos usos.
- En coordinación co polígono existente e co desenvolvemento dos demais ámbitos da MP, facer a reserva dunha parcela para crear un punto limpo onde se xestionen de forma conxunta os residuos xerados no polígono na fase de funcionamento, co obxecto de optimizar os recursos e reducir a mobilidade dos residuos.
- Condicionar o tipo de actividade das industrias a instalar, limitándoa a actividades non contaminantes.

METODOLOXÍA PROPOSTA.

A redacción deste estudio levouse a cabo seguindo as directrices e pautas establecidas na lexislación sobre protección ambiental. En primeiro lugar procédese á ubicación do ámbito no seu entorno, tanto a nivel municipal como dentro do polígono industrial de río do Pozo. Achégase unha descrición do medio físico e socioeconómico no que se integra o ámbito así como a descrición do medio natural e construído do sector ao que se refire o presente plan de sectorización.

Este documento refírese a todo o proceso de avaliación ambiental estratéxica realizado tanto no caso do plan de sectorización como da modificación puntual do PXOM da que este trae causa. Analízanse as variables de sustentabilidade e as medidas correctoras propostas no plan de sectorización, especialmente

as relacionadas coa paisaxe.

Por outro lado realízase a análise de compatibilidade estratéxica (ACE) do documento coas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). Asimesmo achégase o plan de seguemento concretando os indicadores para cuantificar os efectos sobre o medio tanto na fase de execución como de funcionamento.

2. ESTUDIO DO ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

2.1. O CONCELLO DE NARÓN.

Narón atópase na provincia da Coruña, ao nordeste da capital provincial e formando parte da comarca de Ferrol. Trátase dun concello acoutado por dúas zonas costeiras enfrontadas: unha ao sueste dentro da ría de Ferrol e outra ao noroeste bañada polo Océano Atlántico.

Concretamente, o ámbito obxecto desta modificación puntual está situado ao oeste do termo municipal, preto do límite co municipio de Ferrol. A súa superficie queda repartida maioritariamente entre as parroquias de Trasancos e Castro.

En canto á orografía, Narón posúe unhas pendentes moi suaves na súa parte central, con cotas que van dos 20 metros aos 45 metros de altitude. Cara os límites do concello, esta vaise facendo máis accidentada, chegando a alcanzar os 300 metros nalgúns puntos do nordeste, sueste e noroeste.

Posúe unha rede hidrográfica pouco densa e formada fundamentalmente por ríos de cabeceira. Pola parte leste, no límite co municipio de Neda, está o río Grande de Xubia, que é o principal curso que baña o territorio.

A área de estudio sitúase ao noroeste da capital municipal, nunha área que descende cara o sur cunha pendente suave e que se atopa nunha cota media que está en torno aos 50 metros. Por esta zona pasan tres regatos que conflúen nas inmediacións dos ámbitos localizados ao sur do polígono industrial: dous que discorren en dirección norte- sur e outro en dirección nordeste-sueste, xa ora do ámbito do plan de sectorización.

A superficie do concello está repartida entre a cunca do Río Grande de Xubia ao leste, a da Ría de Ferrol ao sur e a da Zona Costeira da Coruña ao norte, xestionadas todas elas polo organismo autónomo de Augas de Galicia. O ámbito obxecto desta modificación atópanse na conca da Ría de Ferrol.

Dentro do termo municipal existen varios espazos naturais catalogados baixo algunha figura de protección. Así están os Lugares de Interese Comunitario (LIC) Costa Ártabra pola costa noroeste e Xubia-Castro ao sueste, ademais da Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) *Costa Ferrolterra-Valdoviño*, tamén na zona costeira noroeste. Ademais dos anteriores existen unha serie de espazos cualificados por algunha normativa como son os hábitats prioritarios e non prioritarios do Inventario Nacional de Hábitats espallados polo territorio, así como os humidais recollidos no Inventario de Humidais de Galicia: rego de Santa Cecilia, Gándara, Sinde, Quintá e Baltar.

En canto ao patrimonio cultural, no catálogo do PXOM vixente se recollen unha serie de elementos patrimoniais que posúen un grao de protección específico en función das súas características. No mesmo senso, pódese salientar o paso do Camiño Inglés da Ruta Xacobeá polo sur do termo municipal. Ningún destes elementos está incluído na área de acción da modificación puntual.

En canto a demografía, cómpre sinalar que Narón experimentou nos derradeiros vinte anos un progresivo aumento de poboación. Entre estes datos cómpre salientar que o saldo vexetativo para o 2007 é de -13, que a taxa de envellecemento é de 112,4 e que a idade media para o total de homes e mulleres sitúase en 42,3 anos.

Ano	1981	1986	1991	1996	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
NARON	29.152	30.060	31.594	31.207	31.108	30.328	29.468	29.263	33.825	34.404	35.083	35.664	36.245	37.008

Táboa 1. Padrón de habitantes (Fonte: INE)

A base económica do concello depende fundamentalmente do sector servizos, que ocupa ao 51,3% de traballadores, seguido da industria e da construción que contan cunha porcentaxe de asalariados do 28,3% e do 17,9% respectivamente.

Así, atendendo ás necesidades das principais actividades económicas do municipio, faise a distribución dos usos do solo, estando a maior parte de superficie ocupada por praderías, zonas urbanas e industriais ou de servizos.

En relación ao sistema de comunicacións, o termo municipal conta cunha rede de comunicacións que se organiza de forma xerárquica. As principais estradas son a autovía AG-64 que o atravesa de suroeste a nordeste e a autoestrada AP-9 que pasa de norte a sur e se atopa con esta no actual polígono industrial. O resto da rede complétase cunha serie de vías autonómicas, da deputación e pistas locais que conectan os distintos puntos do concello.

Estas dúas estradas principais, facilitan as comunicacións de longa distancia da área de estudo, xa que existe un enlace no polígono industrial.

2.2. POLÍGONO INDUSTRIAL DE RÍO DO POZO.

O Polígono Industrial de Río do Pozo, promovido por SEPES e Concello de Narón está dividido en catro sectores que se foron desenvolvendo dende os anos 80 ata a actualidade. A posición dos catro sectores se representa na imaxe adxunta. As características fundamentais de cada un destes sectores son as que se indican a continuación.

- SECTOR I:


- Superficie total industrial: 358.453 m²
- Número de parcelas: 202.
- Superficie das parcelas: dende 690 m² a 20.000 m².
- Número de parcelas vendidas: todas.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 96 %

- SECTOR II:


- Superficie total industrial: 288.281 m².
- Número de parcelas: 2.
- Superficie das parcelas: 102.317 m² e 185.964 m².
- Número de parcelas vendidas: todas.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 100 %.

- SECTOR III:

- Superficie total industrial: 310.558 m².
- Número de parcelas: 64.



- Superficie das parcelas: desde 750 m² a 60.000 m².
- Número de parcelas vendidas: todas.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 93 %.
- SECTOR IV:
 - Superficie total industrial: 651.630m².
 - Número de parcelas: 145.
 - Superficie das parcelas: desde 792 m² a 21.089 m².
 - Número de parcelas vendidas: 81.
 - Porcentaxe de parcelas construídas: 10% vendidas- 8 parcelas.
 - Licencias: 20 concedidas e 12 solicitadas en trámite.



O obxecto da modificación puntual mencionada con anterioridade foi o de posibilitar o crecemento do Polígono industrial de Río do Pozo impedindo os desenvolvementos residenciais. Deste xeito clasificáronse os terreos como solo urbanizable non delimitado tendo en conta os seguintes aspectos:

- Aptitude dos terreos para ser sometidos ao desenvolvemento urbanístico.
- Relación coa malla viaria existente.
- Respecto polos elementos naturais que poderían verse afectados e que deban ser excluídos do futuro desenvolvemento.
- Condicións topográficas.
- Elección dunha zona en cuxa cunca visual non se afecte negativamente aos valores da paisaxe.
- Posibilidade de conexión coas infraestruturas de servizo como o abastecemento de auga, a evacuación de augas residuais e o subministro de electricidade, en concordancia á estrutura xeral definida polo plan xeral.
- Relación e conexións co polígono industrial existente.
- Relación e conexión co solo urbano e solo de núcleo rural do entorno.

Da combinación destes criterios xurdiron os tres ámbitos que se comprenden na modificación puntual. Todos eles cumpren cos condicionantes que se estableceron a priori e están situados no entorno do polígono industrial. As características físicas dos terreos que se integran nos ámbitos I, II e III están relativamente antropizadas debido á gran presión a que foron sometidos, posuíndo características moi similares: terreos máis ou menos chans, dominados na súa meirande parte por matogueiras.

2.3. ESTUDIO DO MEDIO FÍSICO.

2.3.1. ESTUDIO CLIMÁTICO.

A natureza e dinámica da atmosfera exerce unha función de primeira orde á hora de caracterizar as condicións climáticas a escala rexional. Galicia participa das condicións do chamado dominio oceánico ibérico (Mounier, 1979). Da costa ao interior, debido a factores de orde xeográfica, aquel adquire matizacións ata configurarse ámbitos climáticos diferenciados.

Pola súa situación xeográfica, o Concello de Narón presenta un clima morno de tipo oceánico, caracterizado por temperaturas pouco extremadas e cunha oscilación térmica pequena, con invernos suaves e veráns frescos.

Temperatura

Utilizáronse cinco temperaturas

medias mensuais normalizadas:

temperatura media (t), temperatura media das máximas (tM) e das mínimas (tm) e temperatura media das máximas absolutas (TM) e das mínimas absolutas (Tm).

A continuación exprésanse ditos datos na Táboa 1 e reflectidos graficamente na figura 1.

A amplitude térmica anual é de 8,5°, co cal isto nos indica que non existen grandes variacións ao longo do ano.

Mes	Ene	Feb	Mar	Abr	May	Jun	Jul	Ago	Set	Oct	Nov	Dic	Med.anu
t	8,2	8,6	10,0	11,2	12,6	14,4	16,7	16,7	15,9	14,0	11,2	8,7	12,3
tm	4,3	4,7	6,3	7,8	9,2	10,4	12,3	12,4	11,9	10,4	7,8	4,9	8,5
tM	12,1	12,6	13,6	14,6	15,9	18,3	21,1	21,0	19,9	17,5	14,5	12,4	16,1
Tm	-0,6	0,4	2,2	4,5	5,8	7,9	9,5	9,7	9,0	7,6	4,0	1,0	5,2
TM	15,0	15,1	18,1	19,3	21,6	24,8	28,4	27,0	25,4	22,4	18,5	15,2	20,9

Tabla 1. : Datos del periodo de 1975 a 2000 de temperatura media (t), temperatura media de las máximas (tM) y de las mínimas (tm) y temperatura media de las máximas absolutas (TM) y de las mínimas absolutas (Tm) para la Estación Meteorológica de Ferrol (A Coruña).




Figura 1. : temperatura media (t), temperatura media de las máximas (tM) y de las mínimas (tm) y temperatura media de las máximas absolutas (TM) y de las mínimas absolutas (Tm) para la Estación Meteorológica de Ferrol (A Coruña).

Puede

°C. La

A temperatura media das mínimas oscila entre os 4° e os 5° C. Este carácter apracible e de certa suavidade da estación invernal vese interrompido en escasas ocasións por días fríos onde as temperaturas descendeen por debaixo dos 0°C. A temperatura media das mínimas absolutas encóntrase entre -0.6 ° e 1° C. O paso do inverno á primavera realízase de forma paulatina, consecuencia do cambio da circulación zonal a meridiana, que produce un atraso no aumento das temperaturas. A suba máis importante das temperaturas prodúcese entre os meses de Maio e Xuño.

Estes meses, xunto aos pertencentes ao outono, son termicamente moi variables. A Fronte Polar é o responsable da existencia de dúas estacións ben definidas (inverno e verán) cando se encontra na súa posición de máximo desprazamento cara o Sur ou o Norte, e provocando o mesmo estas extremas situacións de inestabilidade. Isto causa que os meses da primavera e do outono experimenten frecuentes alteracións de temperatura, alternándose coas temperaturas suaves propias da estación, baixadas térmicas anormais. Este efecto faise máis acusado nos meses de Marzo e Novembro. Non obstante, a pesar do exposto, é necesario subliñar que constitúen estacións agradables. A temperatura media dos meses da primavera oscila entre 10°-14 ° C, cunha media das mínimas de 6°-10 ° C. No outono rexístrase unha media de 11°-14 ° C sendo a media das mínimas de 7°-11°C.

A época estival comprende os meses de Xullo, Agosto e Setembro. Durante o verán o desprazamento do anticiclón dos Azores impide o paso das perturbacións atlánticas, polo que o tempo en xeral é bo, con temperaturas relativamente altas. A temperatura media aproxímase aos 16°-17 ° C; sendo normalmente o mes de Xullo onde se rexistran valores máis elevados, cunha media das máximas próxima aos 21° C e unha media das máximas absolutas que superan os 28° C. As temperaturas medias mínimas do verán non chegan aos 13°C, o que supón unhas noites xeralmente frescas.

A época estival comprende os meses de Xullo, Agosto e Setembro. Durante o verán o desprazamento do anticiclón dos Azores impide o paso das perturbacións atlánticas, polo que o tempo en

xeral é bo, con temperaturas relativamente altas. A temperatura media aproxímase aos 16º-17 º C; sendo normalmente o mes de Xullo onde se rexistran valores máis elevados, cunha media das máximas próxima aos 21º C e unha media das máximas absolutas que superan os 28º C. As temperaturas medias mínimas do verán non chegan aos 13ºC, o que supón unhas noites xeralmente frescas.

En definitiva os Ámbitos I, II e III obxecto da Modificación Puntual do PGOM de Narón, situados nas inmediacións do Polígono de Rio do Pozo posúen un clima de **invernos suaves e veráns mornos**.

As características climatolóxicas son as xerais do noroeste peninsular: **clima oceánico húmido**, con precipitacións relativamente abundantes (próximas aos 900 mm. anuais). Os meses máis chuviosos son os de novembro e decembro, e os menos os de xullo e agosto.

2.3.2. XEOLOXÍA.

Un aspecto fundamental para a comprensión dun territorio ou dun espazo definido nunha bisbarra, é o recoñecemento da súa constitución xeolóxica, dado que esta influirá no seu posterior desenvolvemento xeomorfolóxico, e xunto, coas características climáticas, sentarán as bases do tecido paisaxístico (*suelo+clima =comunidades vexetais*).

A continuación vaise ofrecer unha síntese das características xeolóxicas do territorio galego. Para iso estúdanse os seguintes aspectos:

- Estratigráficos: disposición de rochas.
- Petrográficos: composición e tipoloxía das rochas que constitúen o substrato.
- Estruturais ou tectónicos: arquitectura do terreo.
- Xeomorfolóxicos: evolución do relevo e tipos de modelado.
- Hidroxeolóxicos: comportamento subterráneo das augas.
- Riscos xeolóxicos: transcendencia que teñen na sociedade polos custos en vidas e patrimonios.
- Mineiros: xeoloxía económica.

Estratigrafía.

Galicia encádrase, ao igual que gran parte de Europa, na chamada Cadena Hercínica, a cal constitúe unha antiga cordilleira de pregamento. Este oróxeno, en Centroeuroa, presenta un trazado Leste-Oeste, iniciando na Bretaña francesa un amplo arco con continuidade polo noroeste da Península Ibérica, que dá lugar ao que se denomina Macizo Hespérico.

En Galicia encóntranse representadas tres zonas: a Zona Asturoccidental-Leonesa, a Zona Centroibérica e a Zona de Galicia-Tras-Os Montes, acompañadas por corpos graníticos, hercínicos. A todo o anterior se superpoñen en vales e mesetas, pequenas concas de idade Terciaria recheas de sedimentos detríticos, así como numerosos depósitos de idade Cuaternaria de diversos tipos e xénese, que se encontran distribuídos regularmente polo territorio.

A área de estudo encádrase, polo tanto dentro da grande unidade estrutural denominada "Macizo Hespérico" e da Zona de Galicia-Tras-Os Montes. Nesta Zona durante a segunda fase de deformación hercínica, tivo lugar o gran cabalgamento de toda esta masa sobre a Centroibérica.

A área de estudo é unha zona cun relevo de baixos desniveis sobre un substrato esquistoso-

grauváquico que recibiu as achegas aluviais do terciario e cuaternario que corresponden aos regueiros próximos e á planicie (antiga braña) do Polígono Industrial de Rio do Pozo.

En liñas xerais pertencen á serie de Ordes. As rochas que constitúen o complexo de Ordes nesta zona do estudo inmediacións do Polígono de Rio do Pozo son predominantemente de natureza areo-pelítica, con algunhas intercalacións de niveis margosas ou calcosilicatadas.

Ao ter sido afectadas por un metamorfismo rexional de baixo a medio grao hai un predominio de filitas e xistos, polo xeral bastante cuarcítico, ás veces, micacitas con intercalacións de metasamitas-xistos, feldespáticos-paragneises e de xistos anfibolíticos-paranfíbolíticos que representarían os equivalentes metamórficos das capas grauváquicas e margosas da serie orixinal. A parte destas encóntranse outras intercaladas de metacuarcitas, xistos grafitosos e rochas masivas con texturas granoblásticas. Como conclusión se pode dicir que a Serie de Ordes á que pertencen os chans que se presentan no Ambito (I,II e III) formada esencialmente por grauvacas e pelitas.

A xeito de resumo e tal e como se observa nos planos de información que acompañan ao Informe de Sostibilidade Ambiental da Modificación Puntual do PGOM, respecto dos SRAU situados nas inmediacións do Polígono Industrial de Rio do Pozo, os terreos sobre os que se sustentan os ámbitos están formados por rochas metamórficas (Xistos e metavulcanicas) e unha gran parte, situada no Polígono de Rio do Pozo e en parte dos ámbitos II e III da presente modificación esta formado por depósitos cenozoicos (depósitos detríticos da idade cuaternaria), que sinalan a gran braña que foi esta zona actualmente xa completamente antropizada e que ten como peza central o mencionado polígono industrial de Rio do Pozo.

2.3.3. XEOMORFOLOXÍA.

A paisaxe é suave con escasos resaltes consecuencia de planicie que esta dominada polo polígono. Isto dá lugar a formas topográficas alomadas na zona Norte, pequeno cavorco polo cal transcorre o rego que dá nome ao Polígono Industrial que é canalizado a ceo aberto ao seu paso polo espazo industrial mencionado.


A morfoloxía é polo tanto bastante regular, sen grandes variacións do terreo. As pendentes da zona II e III oscilan entre 2 e 5%, sendo consideradas como pendentes baixas, nenbargante na zona Norte (ámbito I) hai puntos que presentan pendentes medias entre o 5 e 8%. En todo caso son pendentes de medias a baixas que non representan ningunha dificultada nos desenvolvementos propostos.

Riscos xeolóxicos

Os riscos xeolóxicos son fenómenos que poden desembocar en catástrofes naturais. A súa importancia radica no impacto que producen na natureza e na forma que afectan ao home. Este constrúe infraestruturas, industrias, vivendas e realiza a súa actividade en calquera zona, non sempre despois de coñecer a fondo os fenómenos xeodinámicos externos e internos que acontecen na Terra e as repercusións económicas e sociais que o impacto destes riscos poden producir. Os posibles riscos máis significativos da zona son:

Risco sísmico.

A escala oficial en Europa é a E.M.S. (Escala Macrosísmica Europea) e en España é a M.S.K. (Escala Macrosísmica Internacional). Esta dividida en doce graos que normalmente se expresan en números romanos. Os efectos dun terremoto empezan a ser graves a partir do VII. Tal e como se observa no mapa de intensidades (escala MSK), en Galicia maniféstanse dúas zonas de intensidade, abrangendo un amplo rango na escala (graos V e VI).



Mapa de intensidades.
Fuente: Servicio Nacional de Sismología. Año 1995.
Dirección General del Instituto Geográfico Nacional.

En xeral, as áreas de risco sísmico relaciónanse con zonas de fracturación tardía, que na actualidade sofren reactivacións por axustes epiroxenéticos, non podendo descartarse a existencia dalgunha zona en que os ditos reajustes estean relacionados con movementos horizontais de adaptación da placa tectónica Ibérica ante o desprazamento da dorsal Medio-Atlántica e o pulo da placa tectónica Africana. O espazo estudado no cal se encadran os ámbitos mencionados I,II e III obxecto da Modificación Puntual do PGOM de Narón, se inscriben na zona máis estable con intensidade V, e polo tanto con escaso risco sísmico.

Risco inundación.

Os leitos fluviais e as áreas adxacentes a eles, nas zonas topograficamente de escasa ou nula pendente, son susceptibles de sufrir inundacións. Unhas veces inúndanse cando a cantidade de auga achegada aos ríos e regueiros é superior á capacidade de drenaxe ou evacuación que posúen os propios cursos fluviais; outras veces fano cando o nivel freático dos depósitos aluviais adxacentes ás canles se sitúa na superficie, con imposibilidade de infiltración do exceso de auga.

No caso do espazo estudado, existen tramos do curso de auga de Sobecos, eixe vertebrador dos ámbitos I e II do polígono industrial, nos cales en zona de terreos abertos, en momentos de elevadas precipitacións ou polas características xeomorfolóxicas e debido á falta de coidados e limpezas do dominio público hidráulico, pódense ocasionar estes fenomenos e causar pequenas inundacións sendo estas de escasa cuantía nos terreos adxacentes. Hai que sinalar que o rego de Sobecos ten unha canle limitada e polo tanto o seu caudal medio é relativamente baixo.

Co desenvolvemento urbanístico do ámbito do P.S., non se preveen alteracións do réxime hidrolóxico e da calidade da auga, cuxas análises se realizarán de forma periódica durante a execución das obras de urbanización, mediante o Plan de Vixilancia Ambiental.

2.3.4. EDAFOLOXÍA

Os factores climáticos, topográficos e litolóxicos antes descritos combínanse para dar orixe aos chans, que en liñas xerais responden a dous tipos fundamentais: chans con perfil A/C e aqueles outros de perfil máis evolucionado, A(B)/C.

Cambisoles

Tal e como se observa no mapa de chans adxunto, os chans do espazo estudado, ámbitos I,II e III no ámbito do Polígono Industrial de Río do Pozo pertencen segundo as unidades FAO a Cambisol Ferrálico. O termo "Cambisol" alude os cambios de cor, estrutura e/ou consistencia producidos ao avanzar a

edafoxénese dos horizontes C por procesos que modifican a súa composición e/ou a súa organización. As condicións climáticas actuais e tamén nas que reinaron durante longos períodos do terciario e cuaternario, unidas á relativa inestabilidade dos materiais xeolóxicos, favoreceron a evolución das rochas ata o estado de horizonte B cámbico coas condicións anotadas, sempre que a erosión non espise os estratos en fase de edafoxénese.

Os chans deste espazo ocupado polos nosos 3 ámbitos, pertencentes fundamentalmente ao grupo dos cambisoles ferralicos, caracterízanse por un intenso envellecemento do Horizonte B cámbico no seu camiño cara ao B ferralico. Trátase de chans que se cultivan sobre todo na zona Norte (Ámbito I), aproveitando o seu grande espesor efectivo (cavorco) e a capacidade de retención de auga, pero non obstante, deben fortemente ser aboados, especialmente con aboamentos orgánicos. A súa situación no inicio do regueiro Rio do Pozo é predominante.

A orixe xeolóxica dos chans que se desenvolven nesta zona, son propios de depósitos cenozoicos na parte central ocupada polo Polígono (antiga braña) e os ámbitos II e III e xa na zona Norte (Ámbito I) esta formado por xistos (rochas metamórficas).

En liñas xerais, as propiedades químicas dos chans sobre xistos poden ser consideradas intermedias entre as propias dos chans sobre granitos e rochas básicas, en canto acidez (pH entre 4.7 e 5.0), porcentaxe de Ao cambiante e déficit de nutrientes, como K, Mg, Ca e P, sendo as limitacións acusadas nos chans derivados de xistos e moscovíticos que os biotíticos.


A mineraloxía da fracción arxila segue pautas similares á dos restantes chans de Galicia. Nos horizontes superficiais recoñécense filossilicatos 1:1 de baixo grao de orde acompañados de micas interlaminares mica-vermiculita e mesmo vermiculitas, incrementándose a súa degradación coa acidez do chan. Nos horizontes B incrementase a presenza de minerais caolíníticos acompañados de goethita, a medida que aumenta a evolución edáfica. A gibbsita é pouco importante e sempre representa un estadio incipiente de evolución en medios cunha drenaxe especialmente favorecida.

A textura dos chans desta espazo ocupado polos nosos Ámbitos I, II e III nas inmediacións ou cinto inmediato ao Polígono de Rio do Pozo é xeralmente franca, adecuada para garantir unha boa reserva de humidade, de maneira que presentan pouco risco de déficit estival.

2.3.5. VEXETACIÓN

Corolóxicamente, a área de estudo pertence á Rexión Eurosiberiana, Provincia Cántabro-atlántica, Sector Galaico-Asturiano, no denominado Subsector Lucense. As principais especies encontradas os días de mostraxe botánica realizada no mes de Xullo de 2009, en principio por orde alfabética sen distinción por estratos, son as seguintes:

Lavatera cretica, *Lolium multiflorum*, *Lonicera periclymenum*, *Lotus oleagnosus*, *Pinus pinaster*,



Plantago coronopus, Plantago lanceolatum, Plantago major, Prunella modularis, Prunas serrulata, Pteridium aquilinum, Pulicaria disenterica, Pyrus communis, Quercus robur, Ranunculus repens, Robinia pseudoacacia, Rubus sp., Rumex acetosa, Rumex obtusifolia, Salix atrocinera, Sambucus nigra, Scrophularia sp., Senecio jacobea, Sillene dioica, Sonchus asper, Sonchus oleraceus, Stellaria media, Taraxacum officinale, Trifolium pratense, Ulex europaea, Urtica dioica e Vicia sepia.

Vexetación Potencial ou Climática

As agrupacións vexetais de porte arbóreo e arbustivo, que ocupan maior extensión no territorio corresponden a MATOGUEIRA e REPOBOACIÓNS, se ben se observa un equilibrio superficial coa vexetación de ribeira que invade todo o fondal húmido do Sobecos, formando mesmo unha maraña case inextricable (eixe entre os ámbitos II e III).

A vexetación potencial ou climática que se cita como referencia suposta no ámbito, corresponde, por unha parte ás formacións de fraga mixta de *Quercus robur* no espazo das abas do Sobecos así como no cavorco ocupado polo ámbito I na zona Norte e que se dirixe xunto cara ao Polígono Industrial Río do Pozo e bosque de ribeira con dosel amplo de *Alnus* e *Salix* nas terras de val onde se localizan os cambisoles úmbricos.

O bosque de ribeira como dosel contínuo do regueiro Sobecos, sería a outra formación vexetal climático máis representativa do ámbito.

Das anteriores comunidades vexetais, pouco queda por alteración antropoxénica: Restos puntuais de Carballos e frondosas que se conservarán (Rodal de Frondosas autóctonas) e un complexo ámbito vexetal do regueiro de Sobecos, envellecido e parasitado por silvas, hedras e outras herbáceas

A regresión destas comunidades ten debido a:

- O home: Por medio da curta do arboredo para a obtención de madeira, recollida da matogueira para cama de gando, circulación polos bordos dos ríos, creación de áreas de cultivo agrícola e pradarías etc
- Os animais domésticos: Tales como ovellas, cabras, vacas e cabalos, que adoitan alimentarse, de rebrotes de especies leñosas.
- O lume: Tanto de orixe natural (escaso) coma por incendios provocados, pois destrúen a cuberta arbustiva e herbácea, e mesmo arbórea, provocando retencións e retrocesos na dinámica da vexetación, potenciadas polas subseguintes erosións do chan.

A continuación descríbense as principais formacións vexetais no seu climax perdido, pero sucesorio nalgún **rodal destas especies cuxa conservación é o primeiro obxectivo das medidas correctoras do impacto** que sucedería pola súa eliminación consecuencia da Modificación Puntual do PGOM de Narón nesta zonas perimetral ao Polígono Industrial de Río do Pozo e en contacto xa no caso dos ámbitos II e III coa trama urbana de Narón.

As agrupacións vexetais de porte arbóreo, na suposta potencialidade da zona, estaría dominada polo carballo (*Quercus robur*) acompañado de *Castanea sativa*, *Betula celtiberica*, *Acer pseudoplatanus*, *Pyrus cordata*, *Frangula alnus*, etc

2.3.6. FAUNA

O illamento do territorio galego, a posición xeográfica de Galicia así como a súa orografía e evolución climática, facilitaron a aparición de poboacións diferenciadas (endemismos). Este proceso detéctase especialmente naqueles grupos de escasa capacidade de propagación como anfibios e réptiles.

A descrición da fauna baséase no Atlas de Vertebrados de Galicia realizado pola Sociedade Galega de Historia Natural (1995), con actualizacións para certas especies.

Vertebrados

Debido ás dificultades que entrañan o estudo de todos os organismos que ocupan unha área determinada, adóitanse seleccionar os vertebrados que son os habitualmente estudados nos EIA, e que poden ser bos indicadores da riqueza do resto dos taxóns (especies paraugas), cuxa protección garante a do resto de taxóns faunísticos.

Anfibios

Un total de 13 especies constitúen a comunidade de anfibios da zona estudada. Todas elas son habituais no resto de Galicia.

Salamandra salamandra (Salamandra Común), *Triturus marmoratus* (Tritón Jaspeado), *Triturus boscai* (Tritón Ibérico), *Triturus helveticus* (Tritón Palmeado), *Hyla arborea* (Ranita de San Antón), *Rana iberica* (Rana Patilarga), *Rana perezi* (Rana Verde Común), *Discoglossus galganoi* (Sapillo Pintojo Ibérico), *Alytes obstetricans* (Sapo Partero), *Bufo bufo* (Sapo Común), *Bufo calamita* (Sapo Corredor), *Chiglossa lusitanica* (Salamandra Rabilarga) e *Rana temporaria* (Rana Bermeja)

Réptiles

Se coñece a presenza de 8 especies de réptiles. Son características e frecuentes endemismos do NON ibérico característicos de zonas frescas caso de *Lacerta schreiberi* e *Vipera seoanei*.

Chalcides chalcides (Eslizón tridáctilo), *Lacerta lepida* (Lagarto Ocelado), *Lacerta monticola* (Lagartija Serrana), *Lacerta schreiberii* (Lagarto Verdinegro), *Podarcis bocagei* (Lagartija de Bocage), *Anguis fragilis* (Lución Común), *Coronella austriaca* (Culebra Lisa Europea), *Natrix natrix* (Culebra de Collar), *Natrix maura* (Culebra Viperina) e *Vipera seoanei* (Víbora de Seoane)

Aves

Relación de especies de aves presentes na área de estudo e o seu status.

A: nidificantes (sd: sedentarias, con efectivos que poden aumentar durante a invernada; est: estivais).

B: invernantes, en paso ou residentes non nidificantes.

C: ocasionais.

Anas platyrhynchos (Ánade), *Accipiter gentilis* (Azor) A sd, *Accipiter nisus* (Gavilán) A sd, *Buteo buteo* (Busardo Ratonero) A sd, *Falco tinnunculus* (Cernícalo Vulgar) A sd, *Falco subbuteo* (Alcotán Europeo) A est, *Circus pygargus* (Aguilucho Cenizo) A sd, *Actitis hypoleucos* (Andarríos chico), *Larus cachinnans* *Alectoris rufa* (Perdiz) A sd, *Coturnix coturnix* (Codorniz) A est, *Columba palumbus* (Paloma Torcaz) A sd, *Columba livia* *Streptopelia turtur* (Tórtola) A est, *Streptopelia decaocto* *Cuculus canorus* (Cuco) A est, *Tyto alba* (Lechuza) A sd, *Athene noctua* (Mochuelo)

Europeo) A sd, *Strix aluco* (Cárabo Común) A sd, *Caprimulgus europaeus* (Chotacabras Gris) A(¿)est, *Apus apus* (Vencejo Común) A est, *Alcedo atthis* (Marín Pescador) A sd, *Upupa epops* (Abubilla) A est, *Picus viridis* (Pito Real) A sd, *Dendrocopos major* (Pico Picapinos) A sd, *Lullula arborea* (Totovía) A sd, *Hirundo rustica* (Golondrina Común) A est, *Anthus trivialis* (Bisbita Arbóreo) B, *Motacilla flava* (Lavandera Boyera) B, *Motacilla cinerea* (Lavandera Cascadeña) A sd, *Motacilla alba* (Lavandera Blanca) A sd, *Troglodytes troglodytes* (Chochín) A sd, *Cettia cetti* *Cinclus cinclus* (Mirlo Acuático) A sd, *Prunella modularis* (Acentor Común) A sd, *Erithacus rubecula* (Petirrojo) A sd, *Phoenicurus ochruros* (Colirrojo Tizón) A sd, *Saxicola torquata* (Tarabilla Común) A sd, *Turdus merula* (Mirlo Común) A sd, *Turdus philomelos* (Zorzal Común) A sd, *Turdus viscivorus* *Aegithalos caudatus* *Hyppolais polyglotta* (Zarcero Común) A est, *Sylvia atricapilla* (Curruca Capirotada) A sd, *Sylvia borin* *Sylvia communis* (Curruca Zarcera) A est, *Sylvia melanocephala* *Sylvia undata* (Curruca Rabilarga) A sd, *Phylloscopus collybita* (Mosquitero Común) B, *Regulus ignicapillus* (Reyezuelo Listado) A sd, *Cisticola juncidis* *Parus cristatus* (Herrerillo Capuchino) A(¿) sd, *Parus ater* (Carbonero Agarrapinos) A sd, *Parus caeruleus* (Herrerillo Común) A sd, *Parus major* (Carbonero Común) A sd, *Certhia brachydactyla* (Agateador Común) A sd, *Oriolus oriolus* (Oropéndola) A est, *Garrulus glandarius* (Arrendajo Común) A sd, *Pica pica* (Urraca) A sd, *Corvus corone* (Corneja) A sd, *Corvus corax* (Cuervo) A sd, *Sturnus unicolor* (Estornino Negro) A sd, *Passer domesticus* (Gorrión Común) A sd, *Passer montanus* (Gorrión Molinero) A(¿) sd, *Fringilla coelebs* (Pinzón Vulgar) A sd, *Carduelis chloris* (Verderón Común) A sd, *Carduelis cannabina* (Pardillo Común) A sd, *Pyrrhula pyrrhula* (Camachuelo) A sd, *Emberiza citrinella* (Escribano Cerillo) A sd, *Emberiza cirius* (Escribano Soteño) A sd, *Emberiza cia* (Escribano Montesino) A sd, *Serinus serinus* (Verdecillo) A sd

Mamíferos

O número de especies de mamíferos con presenza é de 35. As especies presentes son de distribución ampla e xeralista, ocupando hábitats indistintamente no mundo eurosiberiano e atlántico, como é o caso do raposo, o ourizo, as ratas ou o esquío. Debemos destacar que debido á elevada antropización deste ámbito do Polígono Industrial de de Rio do Pozo é posible que gran parte da fauna aquí estudada se desprazase cara a zonas interiores con maior tranquilidade e cobertura de vexetación na cal abeirarse.

A relación de especies de mamíferos presentes na área de estudio é a seguinte:

Erinaceus europaeus (Erizo Europeo), *Talpa occidentalis* (Topo Ibérico), *Sorex granarius* (Musaraña Ibérica), *Sorex coronatus* (Musaraña de Millet), *Sorex minutus* (Musaraña enana), *Neomys anomalus* (Musgaño anomalus), *Neomys fodiens* (Musgaño fodiens), *Crocidura russula* (Musaraña gris), *Crocidura suaveolens* (Musaraña de Campo), *Rhinolophus hipposideros* (Murciélago Pequeño de Herradura), *Rhinolophus ferrumequinum* (Murciélago Grande de Herradura), *Myotis myotis* (Murciélago Ratonero Grande), *Pipistrellus pipistrellus* (Murciélago Enano), *Eptesicus serotinus* (Murciélago Hortelano), *Plecotus auritus* (Murciélago Orejudo), *Oryctolagus cuniculus* (Conejo), *Lepus capensis* (Liebre Ibérica), *Sciurus vulgaris* (Ardilla Roja), *Elyomys quercinus* (Lirón Careto), *Microtus agrestis* (Topillo Agreste), *Pitymys lusitanicus* (Topillo Gris), *Arvicola sapidus* (Rata de Agua), *Rattus norvegicus* (Rata común), *Rattus rattus* (Rata Negra), *Apodemus sylvaticus* (Ratón de Campo), *Mus musculus* (Ratón Casero), *Vulpes vulpes* (Zorro), *Mustela erminea* (Armiño), *Mustela*

nivalis (Comadreja), *Mustela putorius* (Turón), *Martes foina* (Garduña), *Martes martes* (Marta), *Lutra lutra* (Nutria), *Meles meles* (Tejón), *Genetta genetta* (Gineta) e *Felis sylvestris* (Gato montés).

2.4. ESTUDIO SOCIO ECONÓMICO

Ao igual que acontece co resto da bisbarra, a radiografía económica de Narón pasa de forma determinante polo auxe da construción naval nos anos 60 e 70, onde florece un denso tecido capilar de empresas auxiliares xurdidas ao abeiro dos grandes estaleiros.

O proceso de Narón é moi singular en Galicia. A parte das cidades que superan os 50.000 habitantes, é moi difícil encontrar un caso de desenvolvemento económico como o que viviu este Concello nos últimos 25 anos.

O crecente e puxante Narón dos nosos días, no que florece un denso tecido empresarial e no que se ten creada unha magnífica infraestrutura tanto para a industria -cun dos dous maiores polígonos industriais de Galicia- como para os servizos, é de base recente. Sen ir máis lonxe, o xigante Megasa, buque insignia da industria local, fundouse en 1954 e precisamente ao abeiro dos estaleiros. De igual modo naceron multitude de empresas auxiliares no ámbito do metal, construción, servizos ou enxeñaría.

Así pois, non se pode dissociar o despegue do Narón moderno da evolución no seu conxunto da bisbarra de Ferrolterra no momento en que esta se converteu, xunto con Vigo nunha das dúas áreas máis importantes de industrialización de Galicia.

Os listados empresariais publícanse encabezados sempre e en solitario e a bastante distancia dos demais polo grupo Megasa. Por facturación anual, Polipropileno de Galicia (Poligal), é a segunda empresa de Narón. Varias decenas de empresas máis empregan millares de traballadores en moi distintos sectores produtivos: téxtil, elaboración de estruturas de metal, ferraxaría, distribución, elaboración de cemento, enerxías alternativas



IGE - Información municipal

Narón
 A Coruña
 Superficie 66,9 km²

SOCIEDADE E POBOACIÓN

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Indicadores demográficos	Dato	Período	Fonte		
Poboación total	38.910	18.929	19.981	2011	INE	Taxa bruta de natalidade (o/oo)	9,8	2010	IGE		
de 0 a 15 anos	5.522	2.798	2.724	2011	INE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	8,9	2010	IGE		
de 16 a 64 anos	26.206	13.032	13.174	2011	INE	Índice de envellecemento	108,6	2011	IGE		
de 65 e máis anos	7.182	3.099	4.083	2011	INE	Idade media á maternidade	31	2010	IGE		
Poboación estranxeira	1.018	404	614	2011	INE	Número medio de fillos por muller	1,2	2010	IGE		
Idade media	42,4	41,3	43,5	2011	IGE	Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	5,1	2010	IGE		
Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte	
Nacementos	420	241	179	2011	IGE-INE		32,5	28,9	2010	IGE	
Defuncións	340	174	166	2011	IGE-INE	Alumnos matriculados no ensino non universitario	Dato	Período	Fonte		
Matrimonios	195			2011	IGE-INE	Total	4.178		2012	CCEOU	
Saldo vexetativo	80			2011	IGE-INE	Educación infantil	1.032		2012	CCEOU	
						Educación primaria	1.711		2012	CCEOU	
						ESO	931		2012	CCEOU	
Movements migratorios		Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte	Afiliacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Á mesma provincia		901	1.193	2011	INE		12.075	6.260	5.815	2012/Se tembro	SS
A outra provincia		81	96	2011	INE						
A outra comunidade		430	356	2011	INE						
Estranxeiro		27	119	2011	INE						
Pero rexistrado (1)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Afiliacións en alta laboral por sectores	Dato	Período	Fonte		
Por idade						Agricultura e pesca	254		2012/Se tembro	SS	
Total	3.510	1.471	2.039	2011	CT	Industria	2.200		2012/Se tembro	SS	
menores de 25 anos	312	162	150	2011	CT	Construción	1.089		2012/Se tembro	SS	
outras idades	3.198	1.309	1.889	2011	CT	Servizos	8.406		2012/Se tembro	SS	
Por sectores de actividade						Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social	452		2011	CT	
Agricultura	31	20	11	2011	CT						
Industria	504	306	198	2011	CT						
Construción	548	497	51	2011	CT						
Servizos	1.914	508	1.406	2011	CT						
Sen emprego anterior	514	140	374	2011	CT						
Eleccións				Dato	Período	Fonte					
Censo electoral				31.306	2009	CP					
							Nº de contratos iniciais rexistrados	409		2011	CT

ECONOMÍA

Agricultura	Dato	Período	Fonte	Empresas (3)	Dato	Período	Fonte		
Número de explotacións de gando bovino	145	2010	IGE-CMR	Empresas por condición xurídica					
Total bovinos	936	2010	IGE-CMR	Total	2.215	2011	IGE		
Administración pública	Dato	Período	Fonte	Persoas físicas	1.252	2011	IGE		
Ingresos municipais	33.402.091	2010	MH	Sociedades anónimas	38	2011	IGE		
Impostos directos	11.875.707	2010	MH	Sociedades de responsabilidade limitada	712	2011	IGE		
Impostos indirectos	250.388	2010	MH	Cooperativas	20	2011	IGE		
Taxas e outros	4.363.033	2010	MH	Outras	193	2011	IGE		
Rendemento medio do IRPF	16.442	2009	AEAT	Empresas por actividade	Industria	Construción	Servizos	Período	Fonte
Construción (2)	Dato	Período	Fonte		208	366	1.641	2011	IGE
Número de vivendas a crear de nova planta	60	2010	IGE-MF	Empresas por estrato de asalariados					
Variación neta do parque de vivendas	60	2010	IGE-MF	Sen asalariados	1.280	2011	IGE		
Número de edificios a crear de nova planta	32	2010	IGE-MF	De 1 a 2 asalariados	493	2011	IGE		
Parque de vehículos	Dato	Período	Fonte	De 3 a 5 asalariados	215	2011	IGE		
Total	24.962	2011	DGT	De 6 a 9 asalariados	88	2011	IGE		
Turismos	20.106	2011	DGT	De 10 a 19 asalariados	72	2011	IGE		
Vehículos turismo matriculados	714	2011	DGT	De 20 a 49 asalariados	42	2011	IGE		
Sistema de contas	Dato	Período	Fonte	De 50 a 99 asalariados	14	2011	IGE		
Renda dispoñible bruta por habit-	13.899,62	2009	IGE	De 100 a 249 asalariados	9	2011	IGE		

IGE - Instituto Galego de Estatística

Analizada a táboa socioeconómica anterior, entendemos que é determinante para a SOSTIBILIDADE ECONOMICA non só a aceptación da proposta de modificación puntual do PGOM de Narón respecto dos ámbitos I, II e III, se o dos concellos e bisbarras inmediatas (Neda, San Sadurniño, Cedeira, en definitiva toda a Ferrolterra) e que o tecido Industrial da zona non só se asente definitivamente, se non que se inscriba nun **proceso integrador**, constitúa unha rede de servizos terciarios cun apoio de residencial cun renovado plan Industrial no Concello de Narón, **que debe considerar sen dúbida a ampliación ordenada e sostible do espazo industrial xa existente.**

Neste senso de integración propúxose a modificación puntual do PGOM de Narón respecto dos ámbitos estudados, lindeiros co Polígono de Río do Pozo, de forma que se proporcione un maior espazo ás empresas, cuxa actividade demanda, como se expuxo noutro lugar, territorio e infraestruturas axeitados aos funcións económicas que xorden en atención á área metropolitana da Coruña e en particular con incidencia que será moi importante do Porto Exterior de Ferrol.

2.5. ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

O plan de sectorización comprende os terreos clasificados como solo urbanizable non delimitado, industrial-terciario que se integran no AMBITO I da modificación puntual. Estes terreos se sitúan o norte e leste do SECTOR IV do polígono industrial existente e que suman un total de 558.240,90 m².



A clasificación urbanística dos terreos lindeiros con este ámbito é a seguinte:

- NORTE: Solo rústico apto para urbanizar.
- SUR: Sector IV de solo urbanizable de Río do Pozo, executado xurídica e materialmente.
- LESTE: Solo Rústico Apto para urbanizar e solo rústico de protección de infraestruturas, vinculado á autoestrada AG-64 (Ferrol- Vilalba).
- OESTE: Solo rústico apto para urbanizar e Sector IV de solo urbanizable de Río do Pozo

2.5.1. MEDIO NATURAL.

TOPOGRAFÍA.

Segundo consta na memoria da modificación puntual, *“en conxunto, os terreos dos ámbitos I, II e III se sitúan nunha planicie que ten como peza central o Polígono Industrial Río do Pozo, cun suave*

movemento cara a vagada pola que descorren as augas do Sobecos (ámbito II e III), modelando así o relevo”.

Entrando mais en detalle, compre sinalar que a maior parte do ámbito I se move entre as cotas 70 e 55, formando pendentes entre o 5 e o 8% que se orientan preferentemente en dirección norte-sur nas zonas oeste e centro e leste-oeste no extremo leste. Outro aspecto a ter en conta a estes efectos é que o vial no que van a acometer as conexións exteriores deste ámbito (rúa dos Carboeiros), se move no entorno da cota 56,00, cun punto baixo a cota 53,50 m no cruce da rúa Carboeiros coa Avenida Bernardo Romero.

Tendo en conta as dimensións do ámbito destes datos se pode extraer que a súa pendente xeral é bastante suave, e que a dirección das pendentes naturais favorecen a unha posible implantación de tipo industrial-terciario.

HIDROLOXÍA.

Segundo se indica no texto da modificación puntual, o ámbito obxecto do P.S. se localiza no Sistema de Explotación Nº 14 “Ferrol”, concretamente nas UCOS R07-01, Ferrol y C15-01 Valdoviño, cuns recursos medios anuais de 48,21 Hm³.

Dentro deste ámbito se localiza o nacemento do Rego de Freixeiro ou Seco, codificado no Plan hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC) como 087002. O leito hidráulico deste rego é de moi escasa entidade na súa cabeceira debido a que a dimensión da cunca que avena é moi pequena nesta zona e que aínda non recibiu as augas dos diferentes regos tributarios que lle aportan a meirande parte do seu caudal augas abaixo (Casavella, Rego do Pozo, Sobecos e Pedregal).

Na fotografía que se aporta a continuación se aprecia o punto de nacemento do Rego Seco que xurde dunha pequena vagada que empeza na parte norte do ámbito e avena as augas desta lixeira vagada que se dirixe cara aos terreos xa urbanizados do polígono industrial de Río do Pozo integrándose nos espazos libres desta zona industrial.



Tal e como se pode observar, se trata dunha canle de escasa dimensión de escaso caudal incluso na época de choivas, o que parece indicar que a este leito nona vena unha soa cunca senón unha serie de microcuncas, xa que se trata do nacemento ou cabeceira do río e polo tanto aínda non se integrou o seu leito na vagada que se dirixe augas abaixo cara á súa desembocadura na ría de Ferrol.

En canto ás súas características físicas compre sinalar que ten unha lonxitude no ámbito duns 300 metros cunha anchura de leito que non supera en ningún momento o metro, situándose a media de anchura nuns 50-60 cm.

En canto ás súas características físicas compre sinalar que ten unha lonxitude no ámbito duns 300 metros cunha anchura de leito que non supera en ningún momento o metro, situándose a media de anchura nuns 50-60 cm.

Doutra banda compre sinalar que mediante a ordenación do plan de sectorización non se afectara a este rego, xa que todo o seu curso está protexido por unha ampla zona verde. Con esta medida se consegue outro obxectivo que é o de minimizar as posibles afeccións a esta microcunca natural, posibilitado como na

actualidade a escorrentía natural a través destes espazos libres e polo tanto sen afectar o caudal ecolóxico do rego.

CLIMA.

A zona á que corresponde o ámbito do plan de sectorización, comparte as características climáticas do resto do territorio do termo municipal e comúns a meirande parte das terras do noroeste peninsular que se corresponden cun clima oceánico húmido, con precipitacións relativamente abundantes (próximas a los 900 mm. anuales). Os meses de mais choiva se corresponden cos de novembro e decembro e os de menos pluviosidade son os de xullo e agosto.

VEXETACIÓN E ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS.

Os terreos que compoñen o ámbito do plan de sectorización están ocupados parcialmente por repoboacións de tipo produtivo con eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), cun sotobosque constituído case que de forma exclusiva por feitos que debido á humidade adquiren alta densidade e porte nalgunhas zonas.

Cumpre destacar a vagada central deste ámbito pola súas características como ecotopo e a súa vexetación. Nesta zona se localizou algún fenómeno puntual de hidromorfia nalgunhas zonas próximas o curso de auga do rego Seco que dou lugar a un rodal das fragas climáticas que chegou ata o día de hoxe e que presenta exemplares de *Quercus robur*, *Castanea sativa*, *Fraxinus angustifolia*, *Betula celtiberica* de diverso porte, identificando nalgunha zona moi puntual compoñentes residuais da asociación "*Senecio acuaticii- Juncetum acutiflori*" que evoluciona normalmente sobre solos de baixo drenaxe e forman parte dos prados de baixa calidade. Esta zona que amosa certo valor ambiental caracterizada como "rodal de árbores frondosas autóctonas" na modificación puntual, quedará integrada na ordenación prevista como unha zona verde de 81.170 m², minimizando calquera posible afección ambiental.

No resto do ámbito se mesturan cos ecosistemas descritos formacións vexetais de matogueira que se presenta como unha masa densa formada por especies de carácter arbustivo, toxal e matoqueiras formado por diferentes especies Silvas (*Rubus sp*), Toxo (*Ulex europaeus*), Uces (*Calluna vulgaris*, *Erica umbellata*) e nas partes máis sombrías feitos. Non se atopan no ámbito, nin próximos a el, espazos naturais incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

2.5.2. MEDIO CONSTRUIDO:

USOS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES NO ÁMBITO.

Os terreos que compoñen o ámbito do plan de sectorización están ocupados maiormente por repoboacións de tipo produtivo no que predomina a especie eucalipto as veces como especie única e noutros casos mesturado con piñeiros, existen tamén algunhas parcelas a pastizal ou con cultivos puntuais e mesmo algunha parcela con edificacións, das que imos a falar posteriormente. Compre sinalar a existencia no extremo sueste dunha parcela de considerables dimensións (≈54.000 m²), onde se sitúa unha instalación industrial destinada á fabricación de cemento.

En canto ás edificacións, ademais da instalación industrial xa mencionada e da que volveremos a falar, atopamos unha serie de pequenas edificacións dispersas, tipo galpón ou almacén aínda que nalgún

caso se ven utilizando como residencia. Imaxinamos que estas edificacións carecen na meirande parte dos casos de licencia municipal. Se trata das seguintes:

PARCELA CATASTRAL	USO EDIFICACIÓN	SUP. APROXIMADA
15055A016000840001DM	RESIDENCIAL	77 m ²
15055A016000680000SQ	GALPÓNS E BODEGAS	45; 73 e 54 m ²
15055A016000850000SI		
15055A015003310000SX	GALPÓN	50 m ²
4821812NJ6242S0001HQ	GALPÓN	60 m ²

As edificacións que compoñen a instalación industrial situadas na parcela con referencia catastral 15055A016000580000SU, suman unha superficie construída segundo catastro de 7.195 m². Estas instalacións se executaron en base ás preceptivas licencias outorgadas segundo o planeamento de desenvolvemento que lles dou amparo (plan de sectorización) que fora aprobado polo Pleno do concello de Narón en data 30 de xullo de 2004 e anulado por Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (00066/2009; Procedemento Ordinario 0004024/2005) pendente hoxe de fallo no recurso interposto perante o Tribunal Supremo.

CONEXIÓNS EXTERIORES. SERVICIOS EXISTENTES. REFORZOS NECESARIOS.

De acordo co determinado no artigo 64^ºh) da LOUG, o Concello antes de iniciar a tramitación do plan de sectorización, solicitou informe ás diferentes empresas subministradoras de servizos urbanísticos, tanto no referente á existencia das infraestruturas existentes como da súa suficiencia para os usos e intensidades previstos no ámbito do plan. O resultado se reflicte a continuación:

ABASTECIMIENTO DE AUGA:

A empresa responsable do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento; COSMA, S.A. achegou o Concello de Narón o 5 de xullo de 2011 un completo informe acompañado de planos e esquemas da instalación, cuxa conclusión se achegan a continuación:

“Validación de la propuesta indicada en el Documento de Inicio de conectar con la tubería de 200 mm que discurre por la c. Carboneros ya que la capacidad hidráulica de la misma, superior a 50 l/s, permite asegurar el suministro. Las conexiones se realizarían en los puntos señalados en los planos para adaptarlas a las fases de puesta en servicio de la ampliación. Si bien la capacidad hidráulica de la tubería donde se prevé la conexión es suficiente, se considera necesaria la instalación de un grupo de presión adecuada en los puntos de conexión I, II y III. En el punto de conexión IV no se considera necesario el refuerzo de la red de abastecimiento con un grupo de presión, dado que este punto se encuentra a una cota inferior”.

A este respecto compre sinalar que os puntos de conexión I, II, III e IV, coinciden coas catro conexións viarias exteriores o ámbito. As I, II e III, se producen a partires da rúa dos Carboeiros e a nº IV, na rúa Afiadores.

SANEAMIENTO DE AGUAS RESIDUAIS:

O informe tamén o subscribe a empresa COSMA, S.A. e a súa conclusión é a seguinte:

“Los caudales de los vertidos serán similares a los de abastecimiento por lo que se propone la ejecución de las conexiones indicadas en los planos por las razones antes indicadas. Los colectores de saneamiento del Polígono de Río do Pozo desembocarán en el Interceptador General proyectado por la Confederación Hidrográfica del

Norte. Interceptador General que tiene como finalidad la recogida de los vertidos de los Concellos de Narón y Ferrol para su posterior vertido a la EDAR del Cabo Prioriño."

Os puntos de conexión que se indican nos planos que acompañan o informe, coinciden cos indicados para a rede de abastecemento, é dicir, nas conexións viarias co polígono industrial existente, que se executarán de forma conxunta co plan de sectorización.

PLUVIAIS:

O igual que nos casos anteriores é a empresa COSMA, S.L., a que conclúe informando que:

"Se propone evacuar las aguas pluviales directamente al Rego que discurre por el interior del P.I. Rego do Pozo (regu Seco), sin conectarlas a la red existente por posibles problemas de saturación en la capacidad hidráulica de la misma".

O informe fai unha indicación final o apartado de "propuestas de conexión", no que fai a seguinte indicación:

"Cabe señalar, por último, que Augas de Galicia con fecha 9 de diciembre de 2009 emitió un informe favorable al documento de modificación de PGOM de Narón en el que se establece que: Las redes de abastecimiento y saneamiento de las zonas objeto de la modificación se conectarían sin problemas con las redes municipales existentes, sin precisar nuevos recursos hídricos".

No mes de decembro de 2011, a petición do Concello de Narón, a empresa COSMA, S.L. elaborou un novo informe no que se analiza dunha forma máis específica a suficiencia das infraestruturas hidráulicas existentes. O obxecto concreto deste informe é o de analizar a procedencia de executar unha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR), específica para a ampliación do parque empresarial de Río do Pozo, que se prevé no presente plan de sectorización.

A orixe deste informe parte do contido do punto 3 da DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA, referente o informe emitido polo organismo autónomo Augas de Galicia durante o período de exposición pública e consultas do DOCUMENTO DE INICIO. En concreto da necesidade de que o saneamento deba facerse a través dunha depuradora propia.

No informe da empresa subministradora dos servizos, se precisan con máis detalle as conexións coas redes hidráulicas existentes no polígono industrial ou nas súas inmediacións. Pero o punto que máis nos interesa destacar é o nº 7 relativo ás INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO.

ABASTECIMENTO DE AUGA:

Respecto da instalación de tratamento de auga potable (ETAP), a empresa indica o seguinte:

"Abastecimiento.- *El caudal de agua potable para el consumo de la nueva ampliación del Polígono Industrial, del orden de 28 l/s, será suministrado por la red existente. El tratamiento de agua se realiza actualmente en la ETAP de Ferrol que tiene capacidad suficiente para absorber el caudal adicional previsto, que representa del orden del 20% del consumo actual, y asegurar el cumplimiento de los niveles de calidad establecidos en el R.D.140/2003 de 7 de febrero por el que se establecen los criterios sanitarios de la calidad del agua de consumo humano."*

SANEAMIENTO DE AUGAS RESIDUAIS:

Respecto do tratamento dos vertidos de augas fecais, a empresa informa o seguinte:

"Saneamiento.- *Los vertidos generados en la ampliación del Polígono Industrial se han previsto, tal y como se indicó más arriba, conectarlos a la red general del Concello de Narón y por lo tanto serán evacuados mediante un Colector Interceptor que los conducirá hasta la EDAR Cabo Prioriño.*

Cabe señalar que en el Plan Hidrológico Galicia Costa ya se preveía la ejecución de las actuaciones denominadas ASD_P_005 EDAR de Ferrol y ASD_P_006 Saneamiento de Ferrol Narón lo que implicaba un tratamiento conjunto de los vertidos de Narón y Ferrol.

Dicho Colector Interceptor ha sido definido por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en el proyecto ACONDICIONAMIENTO DEL COLECTOR GENERAL DE LA MARGEN DERECHA DE LA RÍA DE FERROL. TRAMO CADAVAL-XUBIA diseñado conforme a los criterios técnicos recogidos en las ITOHG y cuyo trazado se muestra de forma esquemática en el gráfico adjunto.”

Como conclusión deste novo informe que complementa o anterior de xullo de 2011, compre destacar o seguinte:

- Que as propostas de conexión previstas para as redes de abastecemento e saneamento son viables e están xustificadas técnicalemente.
- Que a ETAP de Ferrol dispón da capacidade hidráulica necesaria para asumir o incremento da demanda xerada pola ampliación do Polígono Industrial.
- Que a EDAR de Cabo Prioriño dimensionouse para poder tratar a totalidade dos vertidos de Ferrol e Narón, polo que se considera que non é necesario proxectar a instalación dunha nova EDAR no polígono industrial.

SUMINISTRO ELÉCTRICO:

O informe foi solicitado o igual que os anteriores, á empresa subministradora, sen que se contestara ata a fecha. Nembargante compre sinalar que na parcela do SECTOR IV que fai esquina entre as rúas dos Carboeiros e dos Panadeiros e polo tanto na zona inmediata o ámbito, existe unha SUBESTACIÓN desde a que se poderá acometer sen ningún tipo de problema.

TELECOMUNICACIÓNS:

Coa finalidade de identificar os puntos onde se podería entroncar con estes servizos, solicitáronse informes ás empresas Telefónica e “R”, co resultado que se indica a continuación:

TELFÓNICA: O único que enviaron foi un plano onde se indica que o punto de entronque, que está situado na glorieta na que se cruza a Avenida Bernardo Romero coa rúa dos Carboeiros.

“R”: Esta empresa presentou un informe no Concello o día 21 de outubro de 2011 acompañado de un plano, no que se fan unha serie de indicacións relativas á futura implantación da súa rede e dos puntos de conexión.

REDE DE GAS:

Con data de maio de 2011, a empresa Gas Natural Fenosa, achegou uns planos nos que se indica o punto de entronque coa rede existente que descorre pola vía de servizo paralela á autoestrada AG-64 e pola Avenida Bernardo Romero. Esta rede principal está composta por unha tubaría de aceiro de seis pulgadas a 16 bares de presión, que acometerá a unha ESTACIÓN REGULACIÓN E MEDIA (EMR), que se situará no cruce entre as dúas vías indicadas con anterioridade, e dende esta EMR, se distribuirá á totalidade do polígono en tubaría de polietileno a 4 bares.

ENLACE CO SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS. CONEXIÓNS EXTERIORES.

O enlace do novo sector que resultará da tramitación do presente plan de sectorización, debe quedar garantida a dous niveis. Dunha banda se considerará a conexión a nivel rexional, entendendo como tal as infraestruturas de comunicacións que enlazan coas vías de altas prestacións que atravesan o termo municipal. Por outro lado, se considerará a conexión a nivel local do novo ámbito co viario existente no seu entorno.

A conexión a nivel rexional coincide no seu análise coa que xa dispón a totalidade do área empresarial de Río do Pozo, que se vai a completar con esta actuación. Esta conexión se produce a través da Avenida Bernardo Romero que se constitúe como columna vertebral da totalidade do polígono industrial, que ten enlaces coas seguintes vías de altas prestacións:

- AG-64: Autoestrada Ferrol-Vilalba; que conecta coa Vila de As Pontes e en último termo coa autoestrada A-8 que conduce a Asturias.
- N-655; que conecta directamente co porto exterior de Ferrol.
- AP-9: Autoestrada do Atlántico; eixo vertebrador da totalidade da C.A. de Galicia e de conexión coas vías de altas prestacións que comunican coa meseta.

A conexión do ámbito co seu entorno inmediato está igualmente garantido mediante catro viais, dous previstos no plan parcial que desenvolveu o sector IV de Río do Pozo, no que se contemplan dúas reservas viarias como prolongacións da Avenida Bernardo Romero (28 metros de ancho) e Rúa Cesteiros (23 metros). As outras dúas conexións está previstas nunha modificación puntual que se está a tramitar en paralelo co presente plan, se trata dunha vía xa existente que se pretende regularizar, que se sitúa en continuidade coa rúa Vidreiros e unha totalmente nova que se produce en continuidade coa rúa dos Muiñeiros lixeiramente desviada o leste para non afectar a unha das zonas verdes resultantes do plan parcial do sector IV.

ESTRUCTURA DA PROPIEDAD.

No artigo 67º da LOUG, se determina que os plans de sectorización comprenderán os planos de información incluído o catastral, doutra banda no artigo 86º.1.da lei se establece a obrigatoriedade de que na documentación dos plans de desenvolvemento debe figurar a relación das persoas titulares que figuren no catastro. Esta relación se incorpora como ANEXO no plan de sectorización.

PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO.

No proceso de tramitación da Modificación Puntual para a modificación do SRAU do entorno do polígono de Río do Pozo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou da necesidade de executar por parte de técnico competente (arqueólogo) un proxecto de prospección arqueolóxica do ámbito especial afectado entendido como a exploración superficial e sistemática que permita avaliar a afección sobre o patrimonio cultural e arqueolóxico da figura de planeamento que se estaba a tramitar.

Esta prospección, autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural foi levada a cabo e dirixida polo arqueólogo D. Simón Pena Basso.

Na devandita prospección non se atoparon xacementos arqueolóxicos dentro do ámbito da modificación puntual si ben as áreas de cautela de dous xacementos arqueolóxicos insírense nunha pequena parte dentro do ámbito da modificación puntual.

Os dous xacementos son:

- O Castro (GA15054004)/ Igrexa de Santa María de Castro
- Mámoa de Santa Margarida (GA15054018)

Incorpóranse estes dous bens no catálogo e planos de ordenación do Planeamento Xeral, reflectindo as súas áreas de protección: integral e cautela, así como a incorporación das fichas técnicas correspondentes onde se establecen as medidas cautelaras , control e seguimento arqueolóxico para as labores de desbroce en diferentes ámbitos da modificación puntual.

En calquera caso defínese o impacto como compatible propondo como medida correctora incorporada ao plan a necesidade de control e seguimento de calquera actuación, desbroce ou obra na zona cautelada situada dentro da modificación puntual.

3. TRAMITES AMBIENTAIS LEVADOS A CABO.

3.1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

Con data 6 de abril de 2009 recibíuse na Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible a comunicación de inicio do procedemento de tramitación da modificación puntual. A comunicación acompañouse cun documento de inicio, onde se recollen os principais obxectivos desta modificación, o DI foi exposto o público na web da consellería entre os días 26 de xuño e 6 de xullo de 2009, realizándose consultas o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Con data 25 de marzo de 2009 o órgano ambiental decidiu someter a modificación puntual o procedemento de avaliación ambiental estratéxico aprobando o 14 de xullo un DOCUMENTO DE REFERENCIA para a avaliación do documento.

A modificación puntual aprobouse inicialmente polo concello o 30 de xullo de 2009, incorporando o preceptivo INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (ISA). Unha vez rematado o período de consultas e de información pública e recabados os preceptivos informes sectoriais, e con carácter previo á aprobación provisional, enviouse o órgano ambiental a documentación completa do plan, o ISA, as alegacións e informes presentados e unha proposta de MEMORIA AMBIENTAL que foi remitida á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O órgano ambiental elaborou a MEMORIA AMBIENTAL dándose así por concluído o trámite de avaliación ambiental do documento. Elabórase a indicación da memoria ambiental un PLAN DE SEGUIMIENTO das medidas preventivas e correctoras que permitan comprobar a súa posta en práctica ou identificar posibles efectos non previstos no ISA.

Esta tramitación pode consultarse na dirección web Secretaría Xeral de Calidade e desenvolvemento Sostible, <http://aae.medioambiente.xunta.es> coa clave 0874/2009.

3.2. AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

Con data 6 de xuño de 2011, tivo entrada na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito polo que se comunicou o inicio da tramitación do presente plan de sectorización, acompañado do DOCUMENTO DE INICIO a fin de determinar se se debe someter ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE).

Unha vez realizados os trámites de información pública e de consultas aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental adoptou a **Decisión de non someter ao procedemento de AAE** o plan de sectorización que foi notificada o Concello de Narón mediante escrito que tivo entrada no rexistro xeral o 1 de agosto de 2011 (nº rexistro 14982). Nesta decisión se indican unha serie de medidas que se deben ter en conta no trámite de elaboración do plan de sectorización:

- Actuar sobre o rodal de árbores frondosas autóctonas asociado ao Rego Freixeiro, o cal se integrará nunha zona verde, unicamente cando sexa necesario para a súa mellora e conservación no estado mais natural posible.
- Nas zonas perimetrais, dentro do posible, establecer unha pantalla vexetal arbórea que contribúa ao illamento e enmascaramento do espazo industrial, especialmente nos lindes coas zonas residenciais

e coa autovía.

- Introducir medidas para o fomento da mobilidade sostible, potenciando o uso do transporte colectivo cara os principais destinos e reducindo na medida do posible o uso do vehículo privado nos desprazamentos inducidos polos novos usos.
- En coordinación co polígono existente e co desenvolvemento dos demais ámbitos da MP, facer a reserva dunha parcela para crear un punto limpo onde se xestionen de forma conxunta os residuos xerados no polígono na fase de funcionamento, co obxecto de optimizar os recursos e reducir a mobilidade dos residuos.
- Condicionar o tipo de actividade das industrias a instalar, limitándoa a actividades non contaminantes.

Así mesmo recíbese durante o período de exposición pública do Documento de Inicio os informes dos seguintes organismos:

- Augas de Galicia.
- Subdirección Xeral de Paisaxe e territorio.

A decisión de non sometemento do plan de sectorización á avaliación ambiental estratéxica achégase como Anexo II á documentación escrita do plan de sectorización.

As medidas establecidas na decisión de non sometemento a avaliación ambiental estratéxica así como nos informes que a acompañan son tidas en conta na redacción do Plan de Sectorización e incorporada ao presente Estudo de sostenibilidade Ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

4. RESULTADO DA ANÁLISE DAS VARIABLES DE SOSTENIBILIDADE SOBRE AS DIFERENTES ALTERNATIVAS DESEÑADAS PARA O PLAN DE SECTORIZACIÓN.

VARIABLE	CRITERIO	ALT 0	ALT 1	ALT 2
PAISAXE	Favorecer a integridade paisaxística	1	2	4
NATUREZA	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	1	3	4
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais	1	2	4
PATRIMONIO	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	1	4	3
SOCIEDADE	Considerar a estrutura demográfica do ámbito e a área de influencia	1	3	3
	Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos	1	3	3
	Contribuír a un entorno saudable	1	2	4
	Garantír a non inclusión	1	2	2
	Favorecer a coexión social	1	2	3
	Fomentar a participación cidadá na toma de decisións	1	4	4
ECONOMÍA	Cosiderar a estrutura socioeconómica do ámbito e área e influencia	1	4	4
MEDIO URBANO	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	1	2	3
	Minimizar as afeccións do planeamento sobre as actividades e estruturas socioeconómicas do entorno	1	4	4
	Promover solucións integrais que mimicen os custos ambientais	1	3	4
MOBILIDADE	Reducir as necesidades de mobilidade	1	3	4
	Facilitar una conectividade eficiente cara o principais destinos	1	2	2
ENERXÍA	Promover aforro no consumo enerxético	1	3	4
	Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables	1	3	4
ATMÓSFERA	Controlar as emisións contaminantes	1	3	4
CICLO HÍDRICO	Garantír o funcionamento do ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos	1	2	3
	Garantír a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento	1	3	3
	Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos	1	3	3
CICLO DE MATERIAIS	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos	1	3	4
SOLO	Pular por un desenvolvemento do concello ordenado e eficiente	1	3	4
	Axustar os usos ao entorno e aos obxectivos propios deste planeamento	1	4	4
	Fomentaranse estruturas densas, compactas e complexas	1	4	4
	Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación de alternativas	1	4	4
EDIFICACIÓNS	Axustar o parque potencial de edificacións á teito do planeamento á dinámica do concello	1	3	3
	Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre o entorno	1	3	4
TOTAL VALORACIÓN		29	86	103
		1,0	3,0	3,6

MOI BAIXO	BAIXO	MEDIO	ALTO	MOI ALTO
1	2	3	4	5

ANÁLISE DOS EFECTOS DA ALTERNATIVA SELECCIONADA SOBRE AS VARIABLES SE SOSTENIBILIDADE.

4.1. PAISAXE

O presente estudio de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico inclúe unha ANÁLISE PAISAXÍSTICA do ámbito do plan de sectorización no que se caracterizan as unidades paisaxísticas, cuncas visuais, análise da fragilidade visual intrínseca e global así como as medidas a levar a cabo para logran a integración paisaxística das futuras instalacións mediante a implantación de especies vexetais a xeito de pantalla visual que contribuirán ao illamento e ocultamento do polígono dende as zonas máis sensibles do espazo circundante a este.

Por outra parte inclúense medidas para a recuperación e protección da rodal de frondosas do ámbito do rego do Pozo, a súa mellora mediante coidados silvícolas (podas, rareos, conformación de copas, etc) realizados por empresa especializada e dirixidos por especialista na materia que servirán para mellorar a calidade paisaxística do Ámbito I obxecto do Plan de Sectorización.

O Impacto do PS sobre esta variable será polo tanto baixo, xa que se tomaron as medidas correctoras e mitigadoras no deseño do plan de sectorización da alternativa seleccionada, creando un deseño respectuoso coa paisaxe e creando pantallas visuais arbóreas para a súa integración paisaxística.

4.2. NATUREZA

Respecto da variable natureza, na Modificación Puntual do SRAU do ámbito de Río do Pozo do PXOM de Naron, do cal deriva o presente Plan de Sectorización do Ámbito I, integráronse todos os criterios establecidos pola CMATI no seu Documento de Referencia, realizando unha análise detallada da vexetación actual, vexetación potencial, fauna así como os biótopos encontrados no ámbito. O deseño do Plan de Sectorización, sempre respecto da alternativa seleccionada (A2), tivo en conta por iso a localización das zonas ou espazos mais sensibles dentro do ámbito (Rodal de frondosas, cabeceira do Río Seco) para a localización das zonas verdes e espazos libres, conservándoos cun alto grao de naturalización e obxecto de conservación e melloras para o seu disfrute tanto polos traballadores do Polígono como polos habitantes das proximidades do ámbito industrial como zonas recreativas.

4.3. PATRIMONIO

Respecto a variable Patrimonio, durante a tramitación da modificación puntual realizouse unha prospección arqueolóxica do ámbito e nun contorno de 200 metros da marxe exterior destes, na que se atoparon dous elementos patrimoniais que se encontran fora dos ámbitos estudados, e polo tanto, non presentes no ámbito I obxecto do presente Plan de Sectorización. Polo tanto, non existen efectos negativos directos sobre esta variable deixando unhas áreas de control e seguimento arqueolóxico.

4.4. SOCIEDADE E ECONOMÍA.

O desenvolvemento do Plan de Sectorización sobre a variable socioeconomica considérase positivo, xa que a ordenación deste ámbito vai a contibuir a crear novos postos de traballo, a impulsar a economía do Concello de Naron e a comarca de Ferrolterra así como se logrará a recuperación dalgúns

elementos naturais que se encontraban en estado de abandono (rodal) e que mediante esta proposta son postos en valor para todos os habitantes.

Respecto da saúde da poboación, a alternativa seleccionada (A2) desenvolve unha serie de medidas correctoras e compensatorias sobre esta variable así como un detallado Plan de Seguimento Ambiental das obras coa finalidade de minimizar calquera efecto negativo, contribuíndo deste xeito á mellora do medio no que se implanta aso como á calidade de vida da poboación e dos traballadores.

4.5. MEDIO INDUSTRIAL

O deseño da alternativa seleccionada para o Plan de Sectorización segue as directrices establecidas no Documento de Referencia da CMATI para a Modificación Puntual, coa integración da paisaxe industrial no medio mediante a súa ocultación mediante barreiras vexetais dos puntos con maior conca visual sobre o ámbito.

Por outra parte, o Plan de Sectorización ten por obxecto a creación dun Polígono Industrial que funcione como un Ecosistema Industrial, minimizando os consumos de recursos e a xeración de residuos, así como implementar o uso de enerxías limpas no ámbito, utilización de técnicas de drenaxe sostible na urbanización do ámbito, etc

A promoción da mellora ambiental e de boas prácticas nos polígonos industriais, como o que se propón mediante o PS do Ambito I de Rio do Pozo, supón un reto no que se debe conxugar a propia construción, coa posterior xestión ambiental. Por iso, e ante a situación actual ambiental, os polígonos industriais deben sufrir un cambio en todos os seus procesos para minimizar os impactos ambientais que ocasionen.

Sendo importantes os aspectos primeiros, será na súa xestión posterior, mediante as axeitadas políticas ambientais e de desenvolvemento sostible, onde se debe dar a verdadeira medida do concepto. Intentátese que exista un grao aceptable de compromiso co medio das empresas ou industrias que se establezan mediante a implantación nestas de sistemas de xestión ambiental (EMAS,ISO 14000), así como sistemas de control de calidade (ISO 9001) e sistemas de prevención de riscos laborais e xestión da seguridade (OHSAS 18001).

4.6. MOBILIDADE

A circulación nas zonas industriais é un aspecto complexo xa que debe facilitarse a coexistencia de diferentes medios de transporte, asegurar a fluidez nos desprazamentos, garantir a seguridade na circulación e deseñar os accesos á zona respectando o medio Ambiente.

Existen xa no Polígono de Rio do Pozo zonas de aparcadoiro disuasorio (Sector 1 e 3 do Polígono), así como zonas de parada para transporte colectivo co fin de fomentar a mobilidade sostible dentro do polígono, ademais no deseño dos viais no PS reserváronse espazo para itinerarios peonís mediante a incorporación de beirarrúas e unha senda peonil perimetral.

En todo caso, os obxectivos e criterios da alternativa seleccionada para o deseño do Plan de Sectorización del Ámbito I así como o seu posterior Proxecto de Urbanización tivéronse en conta criterios de mobilidade sostible así como a utilización eficaz das infraestruturas de transporte existentes no ámbito, procurando enlaces cos distintos niveis de accesibilidade (rodado, peonil, carril bici, etcétera), de tal

maneira que a aposta pola diversificación facilite a accesibilidade, así tamén se estableceron no Ambito I diversas zonas para parada de vehículos de transporte colectivo.

4.7. ENERXÍA

A alternativa seleccionada para o deseño do Plan de Sectorización persegue a eficiencia no deseño do ámbito, conseguindo a redución do gasto enerxético e favorecendo a implantación de elementos que permitan a diminución global do consumo de enerxía, mediante a implementación do uso de enerxía solar e fotovoltaica de acordo á Normativa vixente. Polo tanto, existe un efecto positivo sobre a variable enerxía respecto do deseño seleccionado no PS.

4.8. ATMOSFERA

Tanto na Modificación Puntual do PXOM de Naron do SRAU do ámbito do Polígono de Rio do Pozo como na alternativa seleccionada para o Plan de Sectorización do Ámbito I, integranse os criterios establecidos no Documento de Referencia da M.P., identificando os impactos sobre esta variable e incluíndo unha serie de medidas correctoras e mitigadoras de efectos negativos sobre esta variable e controlando a súa evolución mediante un Plan de Seguimento Ambiental, co obxectivo que se cumpran os niveis de contaminación acústica establecidos na normativa vixente, así como o seu control e periodicidade das medicións.

4.9. CICLO HÍDRICO

O Deseño do Plan de Sectorización contribúe á preservación do ciclo hídrico respectando a zona de cabeceira do Rego Seco calificandoo como espazo libre así como na recomendación para a fase de urbanización de técnicas de drenaxe sostible, co fin de recuperación de parte de pluviais para o rego dos espazos libres.

Para as infraestruturas de saneamento e abastecemento prevense as conexións necesarias cos servizos existentes en condicións de sostibilidade ambiental e óptimo do desenvolvemento proposto no PS do Ámbito I.

4.10. CICLO DE MATERIAIS.

O Plan de Sectorización do Ámbito I inclúe unha batería de medidas encamiñadas á minimización residuos xerados polas actividades, intentando que o Ámbito I funcione como un Polígono Industrial Ecolóxico mediante a implementación das directrices xa mencionadas. Ademais resérvase unha parcela do Ámbito para o establecemento dun Punto Limpo.

4.11. SOLO

O Plan de Sectorización tivo en conta as directrices e consideracións establecidas no Documento de Referencia da Modificación Puntual, no que zonificación e topografía se refire.

Por outra parte, o deseño da A2 seleccionada para o Plan de Sectorización contribúe a mellorar a dinámica socioeconómica evitando a fragmentación do territorio e a formación de barreiras.

4.12. EDIFICACIÓNS

O Plan de Sectorización do Ámbito I establece unha serie de medidas e criterios de deseño incidindo nos aspectos de altura e dimensións das naves, que seguirán as ordenanzas esixibles para o Polígono Industrial.

No estudo da Paisaxe, tamén se indican unha serie de criterios a levar a cabo para conseguir a integración paisaxística das futuras instalacións así como a creación de pantallas vexetais para a súa ocultación.

5. ANÁLISE PAISAXÍSTICA (ANEXO I)

A análise paisaxística do ámbito do plan de sectorización do ámbito I establecido na modificación puntual do PXOM de Narón do SRAU do entorno do Río do Pozo achégase como Anexo I en tomo aparte.


6. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

Os polígonos empresariais son espazos funcionais especializados do territorio onde se concentran certo número de empresas. Esta concentración permite compartir recursos, servizos, evitar os inconvenientes e incompatibilidades derivados das localizacións urbanas tradicionais, compoñer espazos versátiles e autónomos que se adapten con facilidade aos cambios económicos ou produtivos, e aumentar a competitividade das empresas.

Na actualidade os polígonos industriais adoitan incluír, aínda que en proporcións variables, actividades loxísticas, comerciais e de servizos. Por esta razón téndese a usar a denominación máis gráfica de polígonos de actividade económica. En calquera caso, trátase de áreas onde se localizan actividades económicas -en solo clasificado como industrial, terciario ou mixto- que comparten unha serie de características constitutivas básicas.

Se trata de espazos cunha incidencia socioeconómica positiva pero con efectos complexos dende o punto de vista da ordenación do territorio e da paisaxe. A planificación e a construción de polígonos industriais conxugan aspectos moi diversos (ambientais, económicos, urbanísticos, funcionais, legais ou financeiros), pero aínda non é habitual que incorporen criterios paisaxísticos na súa concepción e deseño.

A ordenación espacial (delimitación de zonas verdes, distribución de zonas de densidades edificatorias diferenciadas, deseño da rede viaria, etc.) fixa as características xerais da implantación (forma e extensión dos sectores edificadas e non edificadas, parámetros urbanísticos de aproveitamento do solo, etc.)



A ordenación espacial dos polígonos, neste caso o Polígono de Río do Pozo (Narón) pode partir do recoñecemento do patrón e a estrutura da cuberta do solo para determinar aspectos como a forma e extensión da parcelación, a lóxica do sistema viario ou a distribución das zonas verdes e as densidades edificatorias, xa que poden dar pautas formais harmónicas e adaptadas á escala do lugar. O proxecto de urbanización, pola súa banda, pode manter ou integrar elementos preexistentes de interese (vexetación, montículos, zonas inundables, etc.).

Neste plan de sectorización decantamonos entre outras medidas pola compactación dos desenvolvementos, a continuidade coas infraestruturas e a creación de franxas vexetais de transición coma estratexias que favorecen a relación dos polígonos industriais co seu entorno inmediato, coma reflicten os planos de ordeación.

ESTRATEXIAS DE INTEGRACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACION.

A partir das diferentes aproximacións doutrinarias e metodolóxicas á integración paisaxística, do Plan de Sectorización persegue os seguintes **obxectivos**:

- Escoller as localizacións máis idóneas para o desenvolvemento das actividades, racionalizando a ocupación do solo.

- Minimizar as afeccións sobre o medio mantendo a funcionalidade dos ecosistemas (rodal e microcunca do río Seco, integrados nas zonas verdes)
- Integrar no deseño da proposta os elementos característicos sexan estes estruturais, patrimoniais ou aqueles ligados aos valores perceptivos e etnográficos, poñendo en valor os trazos identitarios da paisaxe.
- Establecer unha continuidade e complementariedade funcional e ecolóxica co ámbito do Polígono Industrial de Río do Pozo, como ámbito onde se circunscribe o plan de sectorización así coma cos núcleos rurais de Santa Margarida, A Costa e Fernande .
- Potenciar a eficiencia, dende o punto de vista ambiental, e a capacidade estética dos novos edificios e instalación, aspecto que concretarase do correspondente proxecto de urbanización.

ESTRATEGIAS E MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN :

NATURALIZACIÓN: Persegue a potenciación dos elementos naturais predominantes e/ou dos patróns existentes. Por exemplo a incorporación da canle dun río e da súa vexetación de ribeira, das masas de arboredo, etc.

- Lograse no Plan de Sectorización mediante incorporación das zonas verdes do novo sector sobre o rodal de árbores frondosas autóctonas, así como no nacemento do Rego de Freixeiro preservando a súa microcunca, garantindo o aporte de augas de escorrentía da vagoada cara o rego (ver planos de ordenación).
- A vexetación de ribeira e os grupos de vexetación arbórea existentes no ámbito utilízanse como recurso paisaxístico ao servizo do plan de sectorización. Así a proposta os pon en valor ao aumentar a súa presenza compoñendo unha imaxe nova inspirada nesta condición natural do lugar. Non se trata de enmascarar a actuación ou de ocultala senón de converter os elementos naturais no fío condutor da actuación. Con isto conséguese fortalecer este trazo da paisaxe dende o punto de vista formal e ecolóxico achegando á actuación calidade ambiental e escénica.

OCULTACIÓN: Consiste en cubrir a visión da actuación dende os principais puntos de observación. Desenvólvese xeralmente mediante o emprego de pantallas vexetais que en ocasións se combinan coa modificación do relevo natural do terreo.

